

A/A: FISCALÍA DE GALICIA

FISCAL SUPERIOR DE GALICIA

O abaixo asenante Francisco Xosé Bernárdez Solla con DNI 35306912 A e enderezo a efectos de notificación en Avda. de Vigo nº 91, 1º esq. CP 36940 Cangas- Pontevedra ou no enderezo electrónico: vellezdigna@gmail.com e teléfono 619955224,

PON EN COÑECEMENTO DESA FISCALÍA:

Que centos de anciáns internos en residencias españolas están morrendo a causa da pandemia do coronavirus e xa se contan máis de 100 mortes en Galicia; certo que é un virus o que mata aos anciáns pero tamén o é que moitos dos contaxios poderíanse ter evitado aplicando as medidas profilácticas e hixiénicas coñecidas e recomendadas dende o primeiro momento.

As residencias son os lugares máis sensibles de todos os escenarios posibles, xa que nelas se concentran os casos mais débiles do que ademais é o principal grupo de risco, e o máis elemental sentido común indica que nelas deberíanse extremar as precaucións, cousa que nas seguintes residencias non se fixo, a continuación citamos por provincia as residencias as que denuncio neste escrito:

Na provincia de Ourense:

Ntra Sra de La Esperanza, a Divino Maestro, ambas da fundación San Rosendo en Ourense capital, residencia San Carlos (Celanova), Ntra Sra de Fátima (Barco de Valdeorras), Residencia Galisenior (Ourense) Residencia San José, Hermanitas (Ourense), Residencia Os Gozos (O Pereiro de Aguiar), Residencia Alvetus (Avión), Residencia Castro Caldelas, Residencia Lecer Avoíños (Coles), Residencia Maiores A Porqueira, Residencia Ramirás (Ramirás).

Na provincia da Coruña:

Residencia El Portazgo (A Coruña), Fogar Residencia Bellolar (A Coruña), Residencia Remanso Claudina-Somoza (A Coruña), Residencia Concepción Arenal (A Coruña), Residencia F. José Otero (Santiago), Residencia As Fragas (Pontedeume), Residencia Arteixo (Arteixo), Nosa Señora do Carne (Fisterra), Residencia San José, Hermanitas (Narón), Residencia San Simón (Teo), Residencia Súa Casa (San Sadurniño), Residencia Melide (Melide)

Na provincia de Pontevedra:

Residencia Maiores San Pedro (Crecente), Residencia Bella Vista Care (Nigrán), Complexo Residencial Atención Persoas Dependentes de Vigo I-II (Vigo), Residencia Moledo (Vigo), Residencia El Rocío F. San Rosendo (Vigo), Residencia Albi Beade (Vigo), Residencia Vilaboa (Vilaboa), Residencia de Maiores Silleda

Na provincia de Lugo:

Residencia Maiores (Foz), Residencia Castro de Rei (Castro de Rei), Residencia Betania (Viveiro), Residencia Maiores (Burela), Vivenda Avime (Cospeito), Residencia Virgen de

la Luz (Monforte), Residencia As Gándaras (Lugo), Residencia A Milagrosa (Lugo), Residencia San Rafael (Mondoñedo)

Non se realizaron desinfeccións, nin limpeza axeitada, nin se aplicaron medidas adicionais recomendadas por Sanidade, isto levou a poñer en risco aos residentes ao non reforzar o persoal de limpeza xa foxe contratando persoal proipo ou a través de servizos externos.

Tampouco se reforzou o persoal de atención directa, a pesar de ser indispensable para aplicar correctamente os protocolos que dende a administración sanitaria se íban recomendando e publicando como de obrigado cumprimento.

Xa hai moitos mortos nas residencias de España, estase a producir un auténtico xenocidio disfrazado de negligencia. Entendemos que poidera ser negligencia un caso anecdótico, pero cando esta é reiterada no tempo e cunhas consecuencias tan graves como coñecidas, notorias e advertidas, se podería considerar unha conduta dolosa.

Esta actitude de pasividade das residencias ante a expansión do coronavirus estase estendendo no tempo e chega ao día de hoxe.

As condicións para facilitar a aparición e a propagación do virus levan moitos días permitíndose en residencias galegas, seguen permitíndose hoxe, moito tempo despois da entrada do virus nelas, xa que en moitas, nin con presenza de contaxiados adoptaron medidas preventivas, nin hixiénicas, nin profilácticas, seguiron traballando por debaixo das rateos permitidas e nin sequera cubriron os postos das traballadoras de baixa por coronavirus, está situación repito, segue sendo así a día de hoxe en moitas delas.

Non todas estas mortes caerán no esquecemento e darán lugar a moitos xuízos, xa que as negligencias cometidas de forma masiva e reiterada nas residencias poderían, ao noso entender, deixar de ser consideradas mortes por imprudencia ou negligencia e pasar a ser directamente homicidios, dende o punto de vista de que estas empresas teñen a obriga de velar e coidar dos anciáns e non se fixo nin sequera o razoable.

Por todo o exposto ate aquí entendo que se poden dar os supostos recollidos nos **Artigos 195, 196, 229, 142, 142 bis, 147 e 152 do código penal e outros que resulten da investigación.**

Artigo 195

1. O que non socorrer a unha persoa que se ache desamparada e en perigo manifesto e grave, cando puiden facelo sen risco propio nin de terceiros, será castigado coa pena de multa de tres a doce meses.

Artigo 196

O profesional que, estando obrigado a elo, denegara a asistencia sanitaria ou abandonase os servizos sanitarios, cando da denegación ou abandono derívase risco grave para a saúde das persoas, será castigado coas penas do artigo precedente na súa metade superior e coa de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio, por tempo de seis meses a tres anos.

Entendemos que se producen as seguintes condutas:

1.- que os propietarios das residencias non socorreron aos residentes que se acharon desamparados e o non facelo os púxeron en perigo manifesto e grave, cando o facelo non supoñía risco propio nin de terceiros, tan só unhas perdas económicas que a empresa tiña a obriga de asumir.

2.- as vítimas foron pola imprudencia da empresa que omitiu o auxilio.

3.- actuouse con coñecemento e vontade referidos aos anteriores elementos obxectivos; elementos aos que engadimos o suposto contemplado no parágrafo 3º do art. 195 C. Penal, o requisito de que o accidente do que se derive a existencia da vítima fose ocasionado polo suxeito activo de forma imprudente, neste caso o accidente foi a entrada dun virus e a súa propagación polas residencias.

Tamén atopamos elementos que poden ter encaixe no:

Artigo 229 do código penal:

1. **O abandono** dun menor de idade ou unha **persoa con discapacidade** necesitada de especial protección **por parte da persoa encargada do seu garda**, será castigado coa pena de prisión dun a dous anos.

2. Se o abandono fora realizado polos pais, tutores ou gardadores legais, impoñerase a pena de prisión de dezaioito meses a tres anos.

3. Impoñerase a pena de prisión de dúas a catro anos cando **polas circunstancias do abandono púxose en concreto perigo a vida, saúde, integridade física** ou liberdade sexual do menor de idade ou **da persoa con discapacidade necesitada de especial protección**, sen prexuízo de castigar o feito como corresponda se constituíse outro delito máis grave.

Xa que os denunciados son na practica as persoas encargadas do seu garda existe a conduta delituosa que se concreta, nunha conduta activa ou omisiva dos denunciados en virtude dá cal este abandono lle puidese ser imputado.

- O delito é doloso. Por tanto, é elemento do tipo o dolo, xa que existe un coñecemento evidente por parte dos denunciados de que no seu comportamento concorren eses elementos obxectivos que acabamos de expoñer: coñecemento de que el mesmo está encargado do seu garda e coñecemento de que cunha conduta súa, activa ou omisiva, está a ocasionar esa situación de abandono .

-Denuncio tamén un delito de omisión: xa que o mero deixar de facer os deberes requiridos xa é consumativo.

-O incumprimento foi sistemático, non se trata dun incumprimento mínimo ou episódico, se non masivo e reiterado nas residencias galegas.

-Entendemos que se dan as circunstancias do subtipo agravado no que a pena é maior cando o abandono lévano a cabo as persoas sinaladas na norma penal, cuxo fundamento legal descansa nun plus de culpabilidade desas persoas.

- Tamén agrávase polas consecuencias que os feitos carrexaron. Entendono como un delito de perigo no que basta que desde un punto de vista obxectivo exista realmente.

Todo iso, sen prexuízo de que poida castigarse o resultado que o abandono produciu , como serían o contraer unha enfermidade grave e no seu caso a morte da persoa abandonada necesitada de especial protección.

Artigo 142 do código penal

1. O que por **imprudencia grave causare a morte doutro**, será castigado, como reo de homicidio imprudente, coa pena de prisión dun a catro anos. Se o homicidio cometeuse por imprudencia profesional, imponse ademais a pena de inhabilitación especial para o exercicio da profesión, oficio ou cargo por un período de tres a seis anos.
2. O que por imprudencia menos grave causar a morte doutro, será castigado coa pena de multa de tres meses a dezoito meses.

Artigo 142 bis

Nos casos previstos no número 1 do artigo anterior, o Xuíz ou Tribunal poderá imponse motivadamente a pena superior nun grao, na extensión que estime conveniente, se o feito revestira **notoria gravidade, en atención á singular entidade e relevancia do risco creado e do deber normativo de coidado infrinxido, e houber provocado a morte de dúas ou máis persoas ou a morte dunha e lesións constitutivas de delito do artigo 152.1.2.º ou 3.º nas demais, e en dous graos se o número de falecidos for moi elevado.**

Artigo 147 do Código Penal:

- 1.-O que, por calquera medio ou procedemento, causar a outro unha lesión que menoscabe a súa integridade corporal ou **a súa saúde física ou mental**, será castigado, como reo do delito de lesións coa pena de prisión de tres meses a tres anos ou multa de seis a doce meses, sempre que a lesión requira obxectivamente para a súa sanidade, ademais dunha primeira asistencia facultativa, tratamento médico ou cirúrxico. A simple vixilancia ou seguimento facultativo do curso da lesión non se considerará tratamento médico.
- 2.- O que, por calquera medio ou procedemento, causar a outro unha lesión non incluída no apartado anterior, será castigado coa pena de multa dun a tres meses.

O Artigo 152 do código penal:

O que por imprudencia grave causara algunha das lesións previstas nos artigos anteriores será castigado, en atención ao risco creado e o resultado producido, coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a dezoito meses, si se tratara das lesións do apartado 1 do artigo 147. Coa pena de prisión dun a tres anos, se se tratar das lesións do artigo 149. Coa pena de prisión de seis meses a dous anos, se se tratar das lesións do artigo 150.

Entendo que se produciu a imprudencia grave e esta foi ademais dolosa causando **menoscabo a integridade corporal e a saúde física e incluso mental das vítimas, e en moitos casos a morte** o procedemento usado foi o abandono das máis elementais precaucións ante un virus que se sabía que chegaría e que era potencialmente letal para os residentes e a negativa da empresa a auxiliálos, algo ao que estaba obrigada como seu gardador.

No ultimo ano foron moitas as denuncias presentadas ante o **Servizo de Inspección de Maiores e Discapacitados**, dependente da **Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais** e da **Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade** polos familiares de residentes en distintas residencias galegas, por diferentes situacións de abandono, negligencia, maltrato institucional e incumplimento das rateos permitidas etc. que poñen de manifestó a situación irregular nas mesmas.

Por todo o exposto DENUNCIO:

A totalidade dos propietarios, xestores e directivos das empresas e/o fundacións xestoras de residencias, abaixo citadas, afectadas por coronavirus, que tiveran algo que ver, por acción u omisión con calquera decisión tomada que puidese afectar ao aquí denunciado.

Aos directores e directoras de tódalas residencias denunciadas, que son as abaixo citadas e afectadas polo coronavirus COVID19 en Galicia, e aos compoñentes dos seus equipos técnicos que tiveran algo que ver, por acción u omisión, con calquera decisión tomada que puidese afectar ao aquí denunciado.

E en consecuencia tamén SOLICITO:

Que a fiscalía envíe á policía xudicial as residencias abaixo citadas, para que comprobem si se cumpren as condicións establecidas en diversas ordes de prevención, como a Orde SND/265/2020, de 19 de marzo e a Orde SND/275/2020, de 23 de marzo específicas para as residencias así como outras precedentes e non específicas pero si de aplicación neste caso.

Que constaten cantas persoas están traballando e si estas residencias cumprían hai un mes, cando chegou o virus, as rateos mínimas que a lexislación esixe e si cumpren na actualidade e con que medidas profilácticas e hixiénico-preventivas contaban e con cales contan a día de hoxe, cales son as medidas de illamento aplicadas, preguntar ou interrogar ao persoal.

-Que se recaben as probas que permitan no seu momento concluír a existencia ou non de delito no proceder dos propietarios da residencia e os seus directivos así como do director de cada residencia, que se solicite a entrega dos libros de reclamacións e todas as denuncias presentadas contra elas no ultimo ano e medio, historial médico completo dos residentes positivos incluídas caídas e evolución do seu peso, etc .

Entendemos que estas actuacións deberíanse levar a cabo no presente momento, cando están ocorrendo uns feitos que se poden constatar de maneira máis fiable e fidedigna estes días, mentres ocorren, que non dentro de 6 meses. De actuar agora, é posible que incluso a chegar a tempo de corrixir a situación e mesmo salvar vidas.

Que se comprobe en definitiva o aquí exposto canto antes.

Que se tome declaración a traballadores/as e familiares de residentes de todos os centros citados.

Que se investigue especialmente todo o proceder e a xestión das residencias denunciadas nas que apareceron casos de contaxio entre residentes e/ou traballadores, e nalgúns casos un varios falecementos;

Indico a continuación as residencias denunciadas, que son as afectadas a día de hoxe en Galicia, agrupadas por provincia:

Na provincia de Ourense:

Ntra Sra de La Esperanza, a Divino Maestro, ambas da fundación San Rosendo en Ourense capital, residencia San Carlos (Celanova), Ntra Sra de Fátima (Barco de Valdeorras), Residencia Galisenior (Ourense) Residencia San José, Hermanitas (Ourense), Residencia Os Gozos (O Pereiro de Aguiar), Residencia Alvetus (Avión), Residencia Castro Caldelas, Residencia Lecer Avoíños (Coles), Residencia Maiores A Porqueira, Residencia Ramirás (Ramirás).

Na provincia da Coruña:

Residencia El Portazgo (A Coruña), Fogar Residencia Bellolar (A Coruña), Residencia Remanso Claudina-Somoza (A Coruña), Residencia Concepción Arenal (A Coruña), Residencia F. José Otero (Santiago), Residencia As Fragas (Pontedeume), Residencia Arteixo (Arteixo), Nosa Señora do Carme (Fisterra), Residencia San José, Hermanitas (Narón), Residencia San Simón (Teo), Residencia Súa Casa (San Sadurniño), Residencia Melide (Melide)

Na provincia de Pontevedra:

Residencia Maiores San Pedro (Crecente), Residencia Bella Vista Care (Nigrán), Complexo Residencial Atención Persoas Dependentes de Vigo I-II (Vigo), Residencia Moledo (Vigo), Residencia El Rocío F. San Rosendo (Vigo), Residencia Albi Beade (Vigo), Residencia Vilaboa (Vilaboa), Residencia de Maiores Silleda

Na provincia de Lugo:

Residencia Maiores (Foz), Residencia Castro de Rei (Castro de Rei), Residencia Betania (Viveiro), Residencia Maiores (Burela), Vivenda Avime (Cospeito), Residencia Virgen de la Luz (Monforte), Residencia As Gándaras (Lugo), Residencia A Milagrosa (Lugo), Residencia San Rafael (Mondoñedo)

-Que se solicite da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e do Servizo de Inspección de Maiores e Discapacitados:

Copia de tódalas denuncias recibidas no último ano e medio as residencias denunciadas, incluído as realizadas a través de Email e das actuacións derivadas delas (respostas dadas ao denunciante, inspeccións realizadas, apertura de expediente e sanción de ser o caso).

Copia das inspeccións feitas e expedientes abertos a estas residencias no último ano e medio.

En Cangas a 13-4-2020

Atentamente:

